



Análise das Políticas Activas de Emprego na Costa da Morte

Pacto Territorial de Emprego “Costa da Morte”

29/06/2010

ÍNDICE

Introdución	3
Programas Mixtos de Formación e Emprego	4
Obradoiros de emprego	9
Escolas obradoiro e casas de oficio	12
Formación	17
Formación profesional ocupacional para desempregados	20
Formación profesional ocupacional para ocupados	26
Formación profesional regrada	29
Programas de cooperación	31
Programas Experimentais para o emprego	36
Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local / Técnicos Locais de Emprego	38
Orientadores Laborais	41
Entrevistas de orientación	46
Recomendacións	47
Anexo: Distribución económica por concellos (2008 – 2009)	49

INTRODUCCIÓN

Os Pactos Territoriais de Emprego teñen por obxectivo *“achegar o nivel de intervención ao ámbito no cal se desenvolven as diferentes políticas de emprego e a creación de marcos de coordinación - intervención das diferentes administracións e axentes sociais implicados nos temas de emprego»*.

O obxecto do presente estudo é a análise das políticas activas de emprego, tal e como se recolle no decreto de creación dos Pactos 98/2008 de 15 de maio, nas que participan as distintas administracións e os axentes sociais, na procura dos citados marcos de coordinación que melloren o seu funcionamento e a súa efectividade.

Segundo a Lei 56/2003 de emprego, de 16 de decembro, enténdese por políticas activas de emprego o conxunto de programas e medidas de orientación, emprego e formación que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego dos desempregados no mercado de traballo, por conta propia ou allea, e a adaptación da formación e recalificación para o emprego dos traballadores, así coma aquelas outras destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social. Por tanto, as políticas activas de emprego xogan un papel de vital importancia xa que tenden a mellorar a cualificación profesional da poboación, facilitando a inserción laboral e incentivando a creación de emprego estable.

As políticas activas de emprego poden clasificarse segundo a súa natureza en tres grandes áreas: incentivos á contratación, promoción do emprendemento e mellora da empregabilidade.

A análise da UPD céntrase fundamentalmente nas políticas destinadas á mellora da empregabilidade, posto que é nesta clase de políticas onde a administración local participa dunha maneira máis activa. En concreto, analízanse os seguintes programas:

- Programas mixtos de formación e emprego.
- Formación Profesional Ocupacional (para desempregados e ocupados).
- Programas de cooperación coas Administracións Locais.
- Programas integrados para o emprego.
- Rede de Técnicos de Emprego.
- Orientadores Laborais.

PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO

Os programas mixtos de formación e emprego, son políticas activas nas que a poboación atendida recibe formación profesional ocupacional, en alternancia coa práctica profesional. O obxecto é acadar unha capacitación profesional para o desenvolvemento da ocupación aprendida, mellorando así as posibilidades de inserción no mercado laboral.

Coa implementación destas medidas trátase de lograr, entre outros obxectivos, emprego estable sen precariedade, igualdade entre homes e mulleres, mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz, o crecemento da economía e do tecido produtivo, a mellora do sector primario, a política industrial e de innovación e o benestar e a cohesión social, co obxecto de situar Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de cohesión social que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea, garantindo os niveis de taxa de emprego, de calidade e estabilidade no emprego, de desemprego; de sinistralidade laboral, de integración laboral da xuventude, de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres galegas e de conciliación da vida familiar e laboral.

Os programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego configúranse como programas mixtos de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado traballador a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional ocupacional recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa inserción laboral.


Os beneficiarios da subvención poden ser:

- Organismos autónomos e entes e sociedades públicas e de dereito público da Comunidade Autónoma de Galicia ou da administración xeral do Estado.
- Entidades locais.
- Consorcios
- Universidades
- Fundacións, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

O colectivo que se beneficiará prioritariamente destes programas é o das persoas paradas de longa duración e establécese unha orde de preferencia coa seguinte proporción:


- As mulleres deberán supoñer, no seu conxunto, cando menos, o 62% das persoas beneficiarias.
- As persoas demandantes de primeiro emprego serán un 22%, das cales serán mulleres o 55%.
- Os/as demandantes de emprego sen formación de tipo profesional serán o 78% das persoas beneficiarias, das cales serán mulleres o 59%.

Entre os anos 2000 e 2009 desenvolvéronse no territorio do Pacto un total de 41 programas mixtos de formación e emprego, ca seguinte distribución:




Programas Mixtos nos concellos do Pacto (2000 - 2009)			
Concellos	OE	EO	Total
Camariñas	2	1	3
Carnota	2	1	3
Carballo	1	4	5
Coristanco	2	0	2
Cee	2	1	3
Laracha	3	0	3
Muxía	2	0	2
Sta. Comba	4	0	4
Cabana	1	1	2
Dumbría	4	0	4
Muros	3	0	3
Laxe	1	0	1
Ponteceso	1	0	1
Vimianzo	1	0	1
Fisterra	1	0	1
Malpica	1	0	1
Mazaricos	1	0	1
Zas	1	0	1
Corcubión	0	0	0
Total Pacto	33	8	41

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

En total, o número de alumnos que participaron en programas mixtos de formación e emprego, entre os anos 2000 e 2009, ascendeu a 1.483. Desenvolvéronse 8 Escolas Obradoiro, nas que se formaron 349 persoas e 33 Obradoiros de Emprego, que formaron a 1.134 persoas. Isto daría unha media de 148 persoas formadas por ano (35 de EO e 113 de OE). Cabe sinalar que no 2009 se iniciaron no Pacto 4 Obradoiros de Emprego, pero ningunha Escola Obradoiro.



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos




Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

A clasificación segundo a actividade económica das especialidades impartidas amosa a súa reiteración ao longo do tempo e do territorio. Na Costa da Morte e no período analizado (2000-2009), estes programas concentráronse principalmente en 3 actividades económicas, que englobaron o 91,20% do total de especialidades e o 92,72% dos beneficiarios. De seguido, amósanse as porcentaxes en relación ao total de especialidades e ao número de beneficiarios, respectivamente:

Construción (49,6% / 51,79%)

Agricultura – gandería (21,6% / 20,84%)

Industria da Madeira (20% / 20,09%)




Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

Obradoiros de emprego:

Os obradoiros de emprego configúranse como un programa mixto que combina accións de formación e emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas inscritas no SPEG de 25 ou máis anos de idade, coa finalidade de facilitar a súa posterior integración no mercado de traballo. Durante o período que dura a iniciativa os alumnos traballadores perciben un salario cunha contía do 150% do IPREM (indicador de renda de efectos múltiples).

O número de obradoiros de emprego executados no período 2000 – 2009 no territorio do Pacto ascendeu a 33, realizándose no ano 2006 algo máis da quinta parte dos mesmos (21,21%). A tendencia que seguiron estes programas foi ascendente ata o 2006, no que marcou o cumio dos últimos dez anos. Dende o 2007 mantense unha media de 5 programas por ano, aínda que no 2009 só se iniciaron 4. A gráfica elaborouse tendo en conta a data de inicio dos programas, que malia durar doce meses nunca coinciden co ano natural.




Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

Nos obradoiros de emprego do Pacto desenvolvéronse 15 especialidades no período 2000 – 2009. Dado que ningún obradoiro executou unha única especialidade, isto deu lugar a que se impartiran un total de 94 módulos.

As especialidades máis habituais foron, en orde do seu peso, albanelería, xardinaría e carpintaría. A albanelería representa máis da cuarta parte das especialidades desenvolvidas (26,60%) e a xardinaría e carpintaría máis dun 21% cada unha delas, acadando a súa suma un 72,34% do total. Polo tanto, facendo agrupacións por actividades económicas, o sector da construción abarca o 51% das especialidades impartidas en tódolos Obradoiros de Emprego do Pacto e o 24% está relacionado ca agricultura – gandería (actividades vinculadas á ocupación de xardinaría). É salientable que non existiu ningún obradoiro que desenvolvera especialidades relacionadas cos novos viveiros de emprego (novas tecnoloxías, ...).


Nos Obradoiros iniciados no 2009 (4) impártense as seguintes especialidades: carpintaría (nos 4), albanelería (en 3), xardinaría (en 2) e cachotaría (en 1).



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

A poboación atendida nos obradoiros de emprego do Pacto durante o período 2000 – 2009, seguiu unha evolución ascendente ata o 2006, a pesar do forte retroceso que tivo no ano 2005. No ano 2006, acada o maior número de persoas beneficiarias deste programa, volvendo a descender nos últimos anos ata situarse en valores próximos ao 2003.

A poboación formada nos obradoiros de emprego da Costa da Morte, ascendeu a 1.134 persoas no período de referencia, o que supón o 76,47% do total de usuarios dos programas mixtos de formación e emprego, e máis do triplo das persoas formadas nas escolas obradoiro.



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

No ano 2007 formáronse 198 persoas, cun custo¹ económico de 19.575,60 €/alumno; no 2008, 125 persoas, cun custo de 35.102,07 €/alumno, e no 2009 foron 117 persoas, que supuxeron un custo medio idéntico nos catro Obradoiros iniciados (21.207,60 €).

Ano 2009 (Obradoiros de emprego)				
Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Carnota	721.058,40	34	21.207,60	Albanelaría, Carpintaría, Xardinaría
Muros	699.850,80	33	21.207,60	Carpintaría, Cachotaría, Xardinaría
Mazaricos	530.190,00	25	21.207,60	Albanelaría, Carpintaría
Sta. Comba	530.190,00	25	21.207,60	Albanelaría, Carpintaría
Custo Medio por alumno		117	21.207,60	

Ano 2008 (Obradoiros de emprego)				
Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Dumbría	1.017.468,00	25	40.698,72	Pavimentar con lastros, xardinaría
Fisterra	613.648,80	25	24.545,95	Pavimentar con lastros, xardinaría
Malpica	920.473,20	25	36.818,93	Albanelaría, cachotaría
Muxía	920.447,29	25	36.817,89	Carpintaría, cantaría
Zas	915.721,20	25	36.628,85	Albanelaría, xardinaría
Custo Medio por alumno		125	35.102,07	

Ano 2007 (Obradoiros de emprego)				
Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Carnota	686.624,40	35	19.617,84	Albanelaría, cachotaría, xardinaría
Cee	588.535,20	30	19.617,84	Pavimentar con lastros, xardinaría
Dumbría	878.050,80	45	19.512,24	Albanelaría, carpintaría, xardinaría, pavimentar con lastros
Laracha	936.587,52	48	19.512,24	Albanelaría, carpintaría, cachotaría, xardinaría
Muros	784.713,60	40	19.617,84	Albanelaría, pintura, electricista-fontaneiro
Custo Medio por alumno		198	19.575,60	

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

¹ O custo económico calcúlase dividindo o orzamento da subvención percibida para a realización do Obradoiro de Emprego entre o número total de alumnos participantes.

Escolas obradoiro e casas de oficio


As escolas obradoiro teñen un carácter temporal e a aprendizaxe e a cualificación alternanse cun traballo produtivo, realizando actividades relacionadas coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural; coa rehabilitación de contornos urbanos ou do ambiente; coa rehabilitación e acondicionamento de infraestruturas de titularidade pública, que sirvan de base para os centros de iniciativas empresariais, así como con calquera outra actividade de carácter público ou social que favoreza a inserción e adquisición de experiencia dos participantes.

A súa duración varía entre 1 e 2 anos, sendo os primeiros 6 meses unha etapa formativa de iniciación, e o tempo restante formación en alternancia co traballo. Na primeira fase os alumnos non perciben salario ningún. Durante o período de alternancia de formación e traballo os alumnos perciben un salario que supón o 75% do IPREM (indicador de renda de efectos múltiples).

As casas de oficio son centros de aprendizaxe e de animación do emprego xuvenil con carácter temporal de implantación principalmente nos núcleos urbanos. A aprendizaxe e a cualificación alternanse cun traballo produtivo en actividades relacionadas co mantemento e coidado de contornos urbanos ou do ambiente, coa dotación de servizos sociais e comunitarios ou con calquera outra actividade de utilidade pública ou social recuperando, ao mesmo tempo, oficios artesanais ou tradicionais, preferentemente mediante a incorporación de novas tecnoloxías. A súa duración é dun ano, dividida en dúas etapas de 6 meses.

Os beneficiarios das escolas obradoiro e casas de oficios son as persoas desempregadas inscritas no SPEG menores de 25 anos.


O número de escolas obradoiro executadas no período 2000 – 2009 no territorio do Pacto foi moi escaso, xa que só se realizaron 8, cun máximo de dúas por ano, destacando 4 anos nas que non se realizou ningunha. Polo tanto, a tendencia que seguiron estes programas foi moi irregular, tal e como se observa na gráfica.



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

Nas escolas obradoiro do Pacto desenvolvéronse 13 especialidades no período 2000 – 2009. Dado que ningunha escola obradoiro executou unha única especialidade, isto deu lugar a que se impartiran un total de 26 módulos.

As especialidades máis habituais foron a carpintaría, a xardinaría e a cantaría (15,38 % cada unha), que xunto ca albanelaría (11,54%) acadan o 57,68% do total.




Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

Ao igual que sucede nos obradoiros de emprego, as especialidades céntranse en moi poucas actividades económicas, no sector da construción (70%), na xardinaría (15,38%), na forxa (3,85%) e no sector turístico (11,55%), destacando esta última como unha iniciativa innovadora nestes programas formativos.

A poboación atendida nas escolas obradoiro do Pacto durante o período 2000 – 2009, segue unha evolución descendente, pero irregular, habendo 4 anos nos cales non existe ningunha persoa formada neste programa. Os repuntes que semella haber na gráfica son debidos á inexistencia de escolas obradoiro no ano anterior. No ano 2000, acádase o maior número de persoas beneficiarias deste programa no Pacto.

A poboación formada nas escolas obradoiro da Costa da Morte, ascendeu a 349 persoas no período de referencia, o que supón menos da cuarta parte (23,53%) do total de usuarios dos programas mixtos de formación e emprego.



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

No ano 2007 formáronse 64 alumnos en 2 escolas obradoiro, o cal supón un custo por alumno de 18.812,99 €. No ano 2008 fixérono 40 alumnos nunha única escola obradoiro, cun custo de 30.038,71 € por alumno formado. No ano 2009 non se iniciou en ningún dos 19 concellos que integran o Pacto ningunha escola obradoiro.

Ano 2008 (Escolas obradoiro)				
Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Carballo	1.201.548,22	40	30.038,71	Albanelaría, cantaría, electricidade, xardinaría, carpintaría de aluminio
Custo Medio por alumno		40	30.038,71	

Ano 2007 (Escolas Obradoiro)				
Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Cabana	451.511,76	24	18.812,99	Albanelaría, carpintaría
Camariñas	752.519,60	40	18.812,99	Cociña, camareiro restaurante-bar, animador turístico e sociocultural
Custo Medio por alumno		64	18.812,99	

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

Das reunións mantidas cos AEDL/TLE extráese que algunha das dificultades que se veñen observando nos Programas Mixtos de Formación e Emprego (OE/EO/CO) son as seguintes:

- En moitos casos, o alumnado non percibe estes programas como unha posibilidade de cualificación profesional para a inserción no mercado laboral, senón como un período laboral temporal. Polo tipo de colectivo ao que vai dirixido o obradoiro de emprego, é difícil que xurdan emprendedores, xa que os participantes non están realmente interesados en aprender un oficio.

O perfil do alumnado das escolas obradoiro é moi complicado xa que están en idades difíciles, non teñen motivación para traballar e descoñecen o funcionamento destes programas. Os pais dos alumnos non apoian ao persoal docente.

- As condicións laborais das que pode gozar o alumnado nestes programas, non se axustan á realidade do mercado laboral.
- As especialidades formativas seleccionadas para impartir nos programas mixtos, non teñen en conta as necesidades do mercado de traballo, podendo existir distintas causas:
 - Atender só a execución de obras que necesita desenvolver a entidade promotora ou aproveitar infraestruturas das que xa dispoñen.
 - Dificultade á hora de concesión e homologación por parte da Administración de especialidades innovadoras que se adecúen ao mercado laboral.
- Debido á selección desafortunada das especialidades, que non están enfocadas aos novos viveiros de emprego, a inserción laboral dos alumnos/traballadores é difícil.
- Esfuerzo económico elevado por parte do concello para facer fronte aos gastos en obras e contratados.
- O custo por alumno formado é moi elevado.

- A duración da escola obradoiro debería ser maior.
- No caso das escolas obradoiro, hai moitos problemas para conseguir alumnos, xa que a poboación da Costa da Morte está moi envellecida.
- Os alumnos nas escolas obradoiro teñen problemas para desprazarse ao centro de formación e traballo, por non dispor de carné de conducir e ter que depender de terceiras persoas para acudir ao mesmo. Inexistencia de transporte público axeitado. Núcleos de poboación moi dispersos.

FORMACIÓN

No Sistema Educativo, a formación destinada á inserción no mercado laboral ou Formación Profesional, comprende distintas vías de acceso, a formación regrada (Ciclos de Grao Medio e Ciclos de Grao Superior), e a ocupacional (de inserción profesional e continua).

O R.D. 69/1993, do 10 de marzo regula as funcións e servizos da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Formación Profesional Ocupacional, polo cal xestiona o Plan de formación e inserción profesional (Plan FIP), que na actualidade equivale ás Accións Formativas para Desempregados (AFD). Esta normativa ten por obxecto a formación de persoas desempregadas para que adquiran as competencias profesionais que lles permitan a súa inserción laboral.

O R.D. 83/2009, do 21 de abril, establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, e dentro dela, a Dirección Xeral de Formación e Colocación asume as competencias e funcións relativas á Formación Profesional Ocupacional.

O R.D. 395/2007, do 23 de marzo, regula o subsistema de Formación Profesional para o Emprego, que integra os seguintes subsistemas:

- ✓ Formación de Demanda: abarca as accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación financiados total ou parcialmente con fondos públicos, para dar resposta ás necesidades específicas de formación plantexadas polas empresas e os seus traballadores.
- ✓ Formación de Oferta: ten por obxecto facilitarlle ás persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda os requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, capacitándoas para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.
- ✓ Formación en alternancia co emprego, que está integrada polas accións formativas dos contratos para a formación e polos programas públicos de emprego-formación, permitindo ao traballador compatibilizar a formación coa práctica profesional no posto de traballo.

- ✓ As accións de apoio e acompañamento á formación, que son aquelas que permiten mellorar a eficacia do subsistema de formación profesional para o emprego.
- ✓ Polo que respecta ao ámbito da Unión Europea, a aprendizaxe permanente é considerada coma un soporte fundamental da estratexia de emprego nunha economía baseada no coñecemento. Asemade, a aprendizaxe permanente incorpórase nos indicadores estruturais da Estratexia de Lisboa para os obxectivos en educación e formación para o ano 2010. Nesta liña o Consello Europeo de xuño de 2005 expuxo a necesidade de relanzar a estratexia de Lisboa e aprobou as directrices integradas para o crecemento e o emprego 2005-2008, entre as que se inclúe a dirixida a adaptar os sistemas de educación e de formación ás novas necesidades en materia de competencias.

O R.D. 34/2008, regula os certificados de profesionalidade, aínda que nalgúns casos exista outra regulación para cada certificado.

FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL PARA DESEMPREGADOS


A formación ocupacional para a Poboación Desempregada, realízase na nosa comunidade autónoma a través de:

- Formación para a Inserción Profesional (FIP), actualmente AFD.
- Accións formativas de carácter experimental e complementarias do Plan FIP, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e desenvolvidas só ata o 2008. A partir deste ano a formación do FSE destínouse só para ocupados.

O obxecto da formación ocupacional, é a cualificación profesional dos traballadores/as para a súa incorporación ao mercado laboral, centrándose na formación relacionada coas demandas das empresas, mellorando as súas competencias profesionais.

No período 2008 – 2009 programáronse na Costa da Morte 50 accións formativas, repartidas en 28 especialidades. O curso de Empregado de Oficina foi, con moita diferenza, o máis impartido, posto que engloba o 16% da programación formativa. As seguintes especialidades cun maior número de cursos efectuados foron a de carpinteiro e a de auxiliar de axuda a domicilio (6% cada unha).


Peso das especialidades no total de accións formativas programadas (2008 – 2009):




Fonte: Consellería de Traballo e Benestar - Elaboración propia

As accións formativas centráronse principalmente na familia de Administración e Xestión, que agrupa 16 cursos e acada un 32% da formación programada, seguida de Servizos Socioculturais e á Comunidade e Têxtil, confección e pel, ámbalas dúas con 6 cursos e un 12%.

Outras familias formativas das que se programaron cursos, pero en menor medida foron: madeira moble e cortiza (10%), transporte e mantemento de vehículos máis informática e comunicación (8% cada unha), fabricación mecánica (6%), electricidade e electrónica (4%), agraria, comercio e marketing, industrias alimentarias e iniciador aos deportes náuticos (2%).



Fonte: consellería de Traballo e benestar – elaboración propia



Fonte: consellería de Traballo e benestar – elaboración propia

Na Costa da Morte hai, na actualidade, 27 entidades cun total de 29 centros homologados para desenvolver formación profesional ocupacional, repartidos da seguinte maneira entre as 5 comarcas:

- Bergantiños: 17 (58,62%).
- Fisterra: 4 (13,79%).
- Soneira : 3 (10,34%).
- Xallas: 3 (10,34%).
- Muros: 2 (6,90%).

No período 2008 – 2009 houbo 40 especialidades homologadas e 87 de interese no Pacto. O número de especialidades coas dúas características foi de 19. Pola contra, neste ano 2010 as especialidades homologadas foron 41 e as de interese 32. As especialidades homologadas e de interese ascenden a 12.

Na programación FIP/AFD 2008 – 2009 na Costa da Morte aprobáronse 11 cursos homologados e de interese, o que supón o 57,89% do total deste tipo de especialidades no Pacto (19). Os cursos homologados e de interese na programación AFD 2010 son 8, o 66,67% do total das especialidades con estas dúas características.

No 2008 – 2009 houbo 21 especialidades homologadas non consideradas de interese en ningunha comarca, e no 2010 este tipo de especialidades son 29.

No período 2008 – 2009, das 9 especialidades formativas consideradas de interese nas cinco comarcas do Pacto, só 2 estaban homologadas: *electricista de edificios e carpinteiro*. No 2010 só hai 4 especialidades consideradas de interese nas cinco comarcas do Pacto, e ningunha delas está homologada.

As especialidades non homologadas pero de interese nas 5 comarcas son:

- | | | |
|-------------------|---|--|
| 2008
-
2009 | } | <ul style="list-style-type: none">- Albanel- Mantedor reparador de edificios- Instalacións de enerxías renovables en edificios- Electricista de mantemento- Camareiro/a de restaurante – bar- Carpinteiro metálico e de PVC- Auxiliar de axuda a domicilio |
| 2010 | } | <ul style="list-style-type: none">- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio- Coidador de discapacitados físicos e psíquicos- Atención especializada para enfermos de Alzheimer |

En canto ao custo das accións formativas para desempregados establecemos un custo por hora e alumno que nos permite comparar o custo entre as distintas especialidades aínda que non estean relacionadas, non pertencen á mesma familia formativa, ou non teñan o mesmo número de horas. Tamén calculamos unha media de 12 alumnos por acción formativa, xa que se require un mínimo de 10 e un máximo de 15.

A familia formativa de menor custo por hora e por alumno foi a de “Servizos socioculturais e á comunidade” con 9,1 €/hora e alumno. Pola contra, a familia que supuxo un maior custo por alumno foi a de “Fabricación mecánica” con 12,6 €/hora e alumno.

Dentro das distintas especialidades, a que supón un menor custo foi a de “Empregado de oficina”, cun custo de 8,94 €/hora e alumno, seguida moi de cerca pola de “Auxiliar de axuda a domicilio” cun 8,99 €/hora e alumno. A especialidade máis custosa é a de “Carpinteiro metálico e de PVC”, con 12,75 €/hora e alumno.

Algunhas das dificultades máis habituais á hora de desenvolver a formación para desempregados son as seguintes:

- Cumprimento dos requisitos de homologación das especialidades formativas e a non actualización dos mesmos, fai que se estean empregando equipamentos obsoletos no desenvolvemento das accións formativas, ou que se opte por homologar as máis fáciles e menos custosas, aínda que non sexan as máis axeitadas á situación do mercado laboral. Deberíase dar a posibilidade aos concellos para homologar por convenio.
- A parte empresarial valora a formación destes programas, aínda que os postos que ofertan están mal remunerados.
- Non é igual de fácil o cumprimento do requisito de inserción laboral por parte dos concellos ca por parte da empresa privada, sen embargo están regulados pola mesma orde.
- Sería preciso a creación de centros de formación comarcais, para evitar a impartición dos mesmos cursos na maioría dos concellos da Costa da Morte.
- Non existe unha complementariedade entre a formación regrada e a formación ocupacional.

FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL PARA OCUPADOS

A formación profesional para o emprego ten como finalidade proporcionarlles ás persoas traballadoras ocupadas a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

A orde do 13 de febreiro de 2009 para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo FSE ten por obxecto regular as iniciativas de formación dirixidas á reciclaxe e recualificación de traballadores dos sectores estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción e metal (preferentemente do sector de automoción) e aqueles outros sectores que como consecuencia da crise económica tivesen unha perda da afiliación a Seguridade Social superior ao 1%, no momento da publicación desta orde, correspondentes ao exercicio de 2009, xestionadas pola Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Na seguinte táboa amósanse as familias formativas e as especialidades da programación do FSE para ocupados no ano 2009 no territorio do Pacto. Esta formación só se contempla en cinco concellos da Costa da Morte (Carballo, Cee, Santa Comba, Vimianzo e Zas).

En total están programadas 40 accións formativas repartidas en 21 especialidades pertencentes a 10 familias formativas.

Hai dúas familias que engloban a metade da formación para ocupados do Pacto, que son a de Téxtil, confección e pel e a de Fabricación mecánica (25% cada unha). Séguenlles por orde de importancia:

- ✓ Instalación e mantemento (15%).
- ✓ Administración e xestión (10%).
- ✓ Informática e comunicación (7,5%).
- ✓ Sanidade e Obra civil (5% cada unha).
- ✓ Enerxía e auga, Seguridade e medioambiente e Transporte e mantemento de vehículos (2,5% cada unha).

FAMILIAS	ESPECIALIDADES	Nº ACC. FORM.	CONCELLO
TCP	Organización produción en confección calzado e marroquería	1	Carballo
	Reciclaxe operario do textil	7	Caballo, Cee
	Procesos produtivos en confección	1	Carballo
	Maquinista de confección industrial	1	Vimianzo
ADG	Prevenición de riscos laborais	1	Carballo
	Sistemas integrados de xestión	1	Cee
	Inglés empresarial e técnicas traballo en equipo	2	Cee
TMV	Operador carretilla elevadora	1	Carballo
EOC	Plataformas elevadoras móbiles	1	Carballo
	Operario máquina - pala e retroexcavadora	1	Santa Comba
SEA	Rescate en altura	1	Carballo
FME	Soldadura MIG - MAG	5	Cee
	Electromecánica	2	Cee
	Automatismos industriais e técnicas de soldeo	1	Cee
	Caldeirería	2	Cee
IFC	Informática empresarial	2	Cee
	Técnicas de alacenaxe e xestión informática na empresa	1	Zas
IMA	Utilización e mantemento e riscos asociados ao uso de maquinaria	1	Cee
	Manexo de riscos carretilla elevadora, puente	5	Cee
ENA	Energías renovables e eficiencia enerxética	1	Cee
SAN	Emerxencias industriais e primeiros auxilios	2	Cee

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar - Elaboración propia

TCP: Téxtil, confección e pel. **ADG:** Administración e xestión. **TMV:** Transporte e mantemento de vehículos. **EOC:** Edificación e obra civil. **SEA:** Seguridade e medioambiente. **FME:** Fabricación mecánica. **IFC:** Informática e comunicación. **IMA:** Instalación e mantemento. **ENA:** Enerxía e auga. **SAN:** Sanidade.

Ademais da formación ocupacional do FSE, tamén existe a formación contratos programa, que teñen como finalidade tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas, calquera que sexa o sector ou póla de actividade na que a traballadora ou traballador presta os seus servizos. Os contratos programa poden ser de carácter sectorial ou intersectorial. Este tipo de formación pódena solicitar e desenvolver os distintos axentes sociais implicados en materia de emprego (organizacións empresariais e sindicais). Dado que a programación desta formación, se publicou a nivel autonómico e desagregada por entidades e non por ámbito xeográfico, non se puideron recompilar datos relativos ao territorio do Pacto.

En canto ao custo das accións formativas para ocupados establecemos un custe por hora e alumno que nos permite comparar o custo entre as distintas especialidades aínda que non estean relacionadas, non pertencen á mesma familia formativa, ou non teñan o mesmo número de horas. Tamén calculamos unha media de 11 alumnos por acción formativa, xa que se require un mínimo de 8 e un máximo de 15.

A familia formativa de menor custo por hora e por alumno foi a de “Sanidade” con 37,84 €/hora e alumno. Pola contra, a familia que supuxo un maior custe por alumno foi a de “Edificación e obra civil” con 81,25 €/hora e alumno.

Dentro das distintas especialidades, a que supón un menor custe foi a de “Organización da produción en confección, calzado e marroquería”, cun custe de 14,86 €/hora e alumno. A especialidade máis custosa é a de “Operador de maquinaria – pala e retroexcavadora”, con 97,50 €/hora e alumno.

É probable que esta gran diferenza no custo sexa debida ao manexo dunha maquinaria que pode requirir un alto gasto de uso e mantemento, así coma uns custes de seguros de responsabilidade civil e de accidentes moito maiores que para outras especialidades.

As dificultades máis habituais no desenvolvemento da formación para ocupados son as seguintes:

- O empresariado non sempre ve a formación dos traballadores como unha posibilidade de beneficio para a empresa, xa que non se percibe que unha mellora das competencias dos empregados tamén poida repercutir no rendemento da mesma.
 - Os empresarios só lle facilitan aos traballadores aquela formación que se lle esixe por lei. (PRL).
- As empresas soen ser reazas a facilitar a formación dos traballadores en horario laboral.
- Nos concellos de menor poboación é difícil atopar persoal do mesmo sector para realizar a acción formativa.
- Debería darse a posibilidade de formar a ocupados e desempregados simultaneamente.

FORMACIÓN PROFESIONAL REGRADA

A formación profesional académica está regulada actualmente pola LOE 2/2006, que ten como un dos seus obxectivos a homologación das titulacións no espazo europeo.

A formación profesional está deseñada para proporcionar unha formación eminentemente práctica e orientada ao mercado laboral. Estrutúrase en 26 familias profesionais (reducíndose a oferta ordinaria en Galicia a 22 no curso 2009-2010) e en dous graos: ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior.

Dentro da FP contémplanse os Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) – que están dirixidos a alumnos/as maiores de 16 anos que non posúan o título de Graduado en Educación Secundaria – ademais da Educación para Adultos, que permite ás persoas maiores de dezoito anos poder seguir as ensinanzas de formación profesional para adultos. Os ciclos formativos para adultos teñen habitualmente horario de tarde, para adaptarse ás posibilidades horarias das persoas que traballan e que teñen responsabilidades familiares.

A oferta formativa da FP no territorio do Pacto é a seguinte:

Nº DE CENTROS: 11

ESPECIALIDADES: 14

- Comercio
- Xestión Administrativa **(5)**
- Equipos e instalacións electrotécnicas **(*extinción/1)**

- Equipos electrónicos de consumo
- Mecanizado
- Desenvolvemento de produtos electrónicos
- Administración e Finanzas **(4)**
- Instalacións eléctricas e automáticas **(5)**
- Administración de sistemas informáticos
- Explotacións agrarias extensivas
- Electromecánica de vehículos **(2)**
- Sistemas microinformáticos e redes
- Coidados auxiliares de enfermaría
- Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas



**Entre paréntese o número de centros onde se imparte esa especialidade*

PCPI's (Modalidade A): en que todos os módulos obrigatorios se imparten no mesmo centro formativo, agás a formación en centros de traballo.

- PCPI de servizos administrativos **(2)**
- PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións
- PCPI de mantemento de vehículos **(3)**
- PCPI de servizos de restauración

A partir da información anterior, obsérvase que no Pacto a oferta da FP regrada se concentra en 10 familias e 14 especialidades da seguinte maneira:

- Familia da Electricidade e electrónica: 3 especialidades (21,43%).
- Familia da Administración: 2 especialidades (14,29%).
- Familia de Informática: 2 especialidades (14,29%).
- Resto das familias (7): 1 especialidade cada unha (49,98%).

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Os programas de cooperación son axudas destinadas ao financiamento de accións de fomento do emprego por parte das entidades locais, administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

Hai tres liñas de axudas:

- Subvención para a contratación de traballadores desempregados e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, en colaboración coas entidades locais.
- Subvención para a contratación de traballadores desempregados e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social en colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e institucións sen ánimo de lucro.
- Subvención para a contratación de axentes de emprego e/ou unidades de apoio (en colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e institucións sen ánimo de lucro).

A través destes programas, daráselles unha oportunidade de emprego de 6 meses ás persoas paradas de longa duración e que se atopan con máis dificultades de inserción.

A aplicación das políticas activas de emprego segue as Directrices Europeas de Emprego elaboradas pola comisión Europea co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local dende a perspectiva de que existen novos xacementos de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

A distribución das partidas orzamentarias de programas de cooperación destinados á Administración Local no territorio do Pacto nos anos 2008 e 2009 foi a seguinte:

COOPERACIÓN						
CONCELLOS	ORZAMENTOS		PARADOS REXISTRADOS		RATIOS (€ / Desempregado)	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009
CARNOTA	158.156,58 €	360.324,08 €	321	325	492,70	1.108,69
MUROS	142.313,57 €	216.668,70 €	721	784	197,38	276,36
MUROS	300.470,15 €	576.992,78 €	1.042	1.109	288,36	520,28
CAMARIÑAS	234.630,99 €	102.054,35 €	561	671	418,24	152,09
VIMIANZO	321.689,67 €	189.685,82 €	588	638	547,09	297,31
ZAS	138.968,90 €	58.777,37 €	335	404	414,83	145,49
SONEIRA	695.289,56 €	350.517,54 €	1.484	1.713	468,52	204,62
MAZARICOS	57.459,96 €	80.828,16 €	274	300	209,71	269,43
SANTA COMBA	225.745,85 €	243.764,57 €	874	871	258,29	279,87
XALLAS	283.205,81 €	324.592,73 €	1.148	1.171	246,69	277,19
CABANA	92.569,20 €	325.845,05 €	342	367	270,67	887,86
CARBALLO	218.414,94 €	222.375,46 €	2.886	3.510	75,68	63,35
CORISTANCO	81.593,64 €	218.018,04 €	616	739	132,46	295,02
LARACHA, A	94.334,67 €	167.416,80 €	794	997	118,81	167,92
LAXE	210.693,71 €	101.686,66 €	308	323	684,07	314,82
MALPICA	141.075,40 €	78.092,70 €	409	519	344,93	150,47
PONTECESO	106.681,92 €	149.227,17 €	395	439	270,08	339,93
BERGANTIÑOS	945.363,48 €	1.262.661,88 €	5.750	6.894	164,41	183,15
CEE	248.770,43 €	217.853,59 €	661	789	376,35	276,11
CORCUBION	161.112,03 €	106.176,30 €	133	129	1.211,37	823,07
DUMBRIA	238.661,40 €	204.784,45 €	248	319	962,34	641,96
FISTERRA	136.066,92 €	287.804,88 €	373	466	364,79	617,61
MUXIA	267.044,80 €	113.765,64 €	441	507	605,54	224,39
FISTERRA	1.051.655,58 €	930.384,86 €	1.856	2.210	566,62	420,99
PACTO	3.275.984,58 €	3.445.149,79 €	11.280	13.097	290,42	263,05
GALICIA	54.017.406,00 €	34.895.505,00 €	189.903	222.839	284,45	156,60

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar - Elaboración propia

En canto as contratacións realizadas ao abeiro dos Programas de Cooperación para traballadores desempregados, cabe sinalar que as ocupacións máis contratadas son as relacionadas ca realización de obras (Albaneis, canteiros, oficiais, peóns e capataces de obras – 28,70%), seguidas das vinculadas a tarefas forestais/medioambientais (Capataces, Oficiais, Peóns medioambientais/forestais, Operarios limpeza praias – 21,57%) e aos equipos de emerxencias, vixilancia e mantemento (Capataces, Oficiais, Peóns e Condutores Eq. P. Aux./ Grumir/Emerxencias/Eq. Vix. e Mantem. – 21,03%). Estas 3 actividades engloban o 71,30% das contratacións realizadas a través dos Programas de Cooperación.

As contratacións relacionadas cas Vítimas de Violencia de Xénero céntranse noutras ocupacións: as relacionadas con servizos de limpeza (Operarios e Peóns Limpeza/Limpadoras – 80%) e as vinculadas ao Servizo de Axuda no Fogar (Auxiliar S.A.F. – 20%).

No caso das contratacións realizadas no PIEG no ano 2008 ocorre exactamente o mesmo ca en cooperación, pero aínda máis polarizado, as ocupacións relacionadas ca realización de obras (Albaneis, canteiros, oficiais e peóns de obras) acadan o 50% das contratacións e as de tarefas medioambientais (Capataces e peóns medioambientais) o 40,48%. Estas dúas ocupacións supoñen o 90,48% das contratacións do PIEG.

Entre os 3 programas mencionados (Cooperación, PIEG, Víctimas de Violencia) no período 2008 – 2009 acádanse arredor das 608 contratacións no Pacto, das cales corresponden a Programas de Cooperación para Desempregados (561 - 92,27%), ao PIEG (42 – 6,91%) e a Víctimas (5 – 0,82%).



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos AEDL dos concellos

Algunhas das dificultades máis habituais relacionadas con estes programas son:

- As obras ou servizos que se executan non buscan aquelas actividades ou nichos de emprego con maiores posibilidades de inserción, senón que case sempre serven para cubrir as necesidades propias e puntuais das entidades beneficiarias.
- Os traballadores non teñen período de formación.
- A necesidade da man de obra para realizar diversas tarefas fai que os cadros de persoal dalgunhas especialidades como a construción sexan moito maiores que outras (ex: administración). Os concellos determinan o perfil dos traballadores a contratar en función das súas necesidades.
- Non existe un compromiso de contratación posterior, nin un seguimento de inserción laboral posterior.
- Os contratos son de pouca duración, polo que o período de tempo para aprender a actividade tamén é mínimo.

PROGRAMAS EXPERIMENTAIS PARA O EMPREGO

As directrices de emprego da unión Europea es os plans nacionais de acción para o emprego, recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade de inserción laboral dos desempregados a través da información, a formación, a orientación profesional e a práctica laboral.

Con este obxectivo, a Consellería de Traballo, articulou programas experimentais de emprego, dirixidos a explorar novas alternativas de inserción laboral cos demandantes que se atopan con especiais dificultades de acceso ao emprego.

Os programas integrados para o emprego están dirixidos á colocación no mercado de traballo das persoas desempregadas mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral. Combinan accións de diversa natureza: información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

Con carácter xeral, o 60% de beneficiarios deberán ser perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego.

Estes programas establecerán obxectivos de inserción laboral de polo menos o 35% dos participantes. Considérase inserción laboral cando a persoa desempregada sexa contratada por unha duración mínima de 6 meses ou se acredite como traballador autónomo durante 1 ano como mínimo.

O número de desempregados que se van a atender non será inferior a 100 con carácter xeral, e en ningún caso inferior a 60.

Os concellos que recibiron axudas a través destes programas integrados para o emprego foron os seguintes:

Concellos	Subvención 2008	Subvención 2009
Muxía	16.342,86 €	12.257,14 €
Vimianzo	32.685,71 €	24.514,29 €


**AXENTES DE EMPREGO E
DESENVOLVIMENTO LOCAL /
TÉCNICOS LOCAIS DE EMPREGO**

A aplicación das políticas activas de emprego segue as directrices europeas de emprego elaboradas pola Comisión Europea, as cales poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local, dende a perspectiva de que existen novos filóns de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo e é no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

A constitución dun contorno local propicio á creación de emprego require o desenvolvemento dun conxunto de funcións esenciais como son a animación, o estímulo e a innovación. Para que estas funcións se poñan en práctica é fundamental a presenza de axentes de emprego e desenvolvemento local, coa formación e experiencia axeitada que lles permita utilizar unha metodoloxía común e que poidan desempeñar diversas tarefas como promotores de actividades, prospectores de mercado, e asesores puntuais de proxectos de empresa.

Segundo o directorio de técnicos de emprego, en Galicia hai, no ano 2009, preto de 400, dos cales 25 pertencen ao territorio do Pacto, e repártense da seguinte maneira:

- 21 técnicos en concellos.
- 4 técnicos en federacións e asociacións de empresarios.



Fonte: Elaboración propia

O orzamento das partidas de financiamento para AEDL's no territorio do Pacto acadou no ano 2008 os 373.822,34 € e no 2009 os 385.900 €, se ben hai que ter en conta que nestes orzamentos só se inclúen as partidas dos técnicos que traballan na Administración Local e non constan as partidas dos profesionais que desenvolven o seu traballo noutras entidades do territorio do Pacto (Federacións e Asociacións de Empresarios).

O financiamento dos AEDL's na Comunidade Galega nos anos 2008 e 2009 ascendeu a 5.909.710,33 € e 6.347.169,71 € respectivamente.

Na reunión mantida cos AEDL's que prestan servizo no territorio do pacto póñense de manifesto as seguintes cuestións:

- O traballo desempeñado polos mesmos non é visible de cara ao exterior.
- Debería financiarse máis que os custos salariais para que posúan recursos propios.
- Ao ser persoal do concello, en moitos casos realizan outras tarefas que non forman parte das súas funcións.
- Deberían formar parte da plantilla do concello.
- O posto de AEDL's debería seguir subvencionándose unha vez que o mesmo pasa a ser funcionario do concello, xa que desa forma reduciríase a temporalidade dos contratos.

ORIENTADORES LABORAIS


A orde do 30 de decembro de 2008 regula a convocatoria pública para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. Nesta orde sinálase que as directrices de emprego da UE e os Plans Nacionais de Acción para o Emprego recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade de inserción laboral dos desempregados a través da información e a orientación profesional personalizada.

Poden ser beneficiarias desta subvención as entidades que teñan personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos, e en concreto, as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociación empresariais e sindicais de Galicia e as entidades especializadas en atención a determinados colectivos preferentemente con diminucións físicas, psíquicas e sensoriais, que realizan accións de información e orientación profesionais.

Tamén poderán ser beneficiarias as fundacións dependentes das organización empresariais e sindicais de Galicia especializadas na realización de accións de orientación e información laboral.

Os destinatarios das accións de información, orientación e busca de emprego serán todos os demandantes de emprego inscritos no SPEG.

As entidades deberán acreditar experiencia en materia de orientación profesional e laboral, motivación cara o emprego, técnicas de busca de emprego, acompañamento para a inserción, selección de persoal e/ou valoración de postos de traballo.



Fonte: Elaboración propia. Actualizado ata o 31/01/2010

O territorio do Pacto contou, no último trimestre do 2008, con 16 orientadores/as, sendo 22 no mesmo trimestre do 2009. A distribución foi da seguinte maneira:

- 2 Oficinas de emprego*: 3 orientadores no 2008 e 8 no 2009.
(*Non se inclúe Santiago Norte, que presta servizo na comarca de Xallas, por non dispor de datos).
- 2 Entidades sindicais: 2 orientadores no 2008 e tamén no 2009.
- Administración local: 10 concellos e 11 orientadores no 2008 e 11 concellos e 12 orientadores no 2009.

Ratio de Orientadores Laborais por Desempregado no Pacto (2008 - 2009)						
CONCELLOS	2008			2009		
	PPR (Dec.)	Orientadores	PPR / Orientadores	PPR (Dec.)	Orientadores	PPR / Orientadores
CARNOTA	321	1	321	325	1	325
MUROS	721	1	721	784	1	784
MUROS	1.042	2	521	1.109	2	555
CAMARIÑAS	561	1	561	671	1	671
VIMIANZO	588	1	588	638	1	638
ZAS	335	0	--	404	0	--
SONEIRA	1.484	2	742	1.713	2	857
MAZARICOS	274	0	--	300	0	--
SANTA COMBA	874	1	874	871	1	871
XALLAS	1.148	1	1.148	1.171	1	1.171
CABANA	342	1	342	367	1	367
CARBALLO	2.886	2	1.443	3.510	2	1.755
CORISTANCO	616	0	--	739	0	--
LARACHA, A	794	0	--	997	0	--
LAXE	308	1	308	323	1	323
MALPICA	409	0	--	519	1	519
PONTECESO	395	0	--	439	0	--
BERGANTIÑOS	5.750	4	1.438	6.894	5	1.379
CEE	661	1	661	789	1	789
CORCUBION	133	1	133	129	1	129
DUMBRIA	248	0	--	319	0	--
FISTERRA	373	0	--	466	0	--
MUXIA	441	0	--	507	0	--
FISTERRA	1.856	2	928	2.210	2	1.105
PACTO	11.280	11	1.025	13.097	12	1.091

Fonte: Consellería de Traballo. Elaboración propia.

A diferenza na proporción de orientadores con respecto á poboación parada, ven determinada nalgúns casos por particularidades territoriais. É habitual que os distintos servizos de orientación dispoñibles presten servizo á poboación da comarca na que se sitúan. Para comparar, desbotando os servizos prestados polas oficinas de emprego e outras entidades colaboradoras e centrándonos só nos que presta a Admón. Local, vemos que a proporción de parados por orientador no Pacto resultou maior no 2009 que no 2008 (1.091 parados/orientador fronte a 1.025).

En canto aos concellos, no ano 2008, a proporción parados/orientador foi moi variable, oscilando entre os 133 de Corcubiión e os 1.443 parados por orientador do concello de Carballo.

Por comarcas, tamén no 2008, esta proporción situouse entre os 521 da comarca de Muros e os 1.438 da de Bergantiños, quedando as mesmas comarcas no ano 2009 cos valores de 555 e 1.379 parados/orientador respectivamente.

Debido ao aumento do paro rexistrado pola crise actual, as oficinas de emprego aumentaron o cadro de persoal dedicado á orientación, de acordo co establecido na Orde TIN 1940/2008, sumando no ano 2009 5 persoas máis (as 5 na oficina de Carballo, que no último trimestre do 2008 non contaba con ningunha persoa facendo orientación). De todas formas, hai que sinalar que ao igual que nos concellos, as oficinas de emprego tampouco contan con persoal estable desenvolvendo tarefas de orientación durante todo o ano.

As partidas orzamentarias de financiamento para os servizos de orientación laboral no territorio do Pacto nos anos 2008 e 2009 acadaron os 142.292,39 € e 184.357,63 € respectivamente. Hai que sinalar que estas partidas se refiren só aos servizos de orientación laboral prestados polos concellos e non inclúen ás outras entidades no territorio do Pacto que prestan este servizo (oficinas de emprego e sindicatos). Sen embargo, o orzamento para a orientación laboral en Galicia pasou dos 6.988.505 € no 2008 a 3.075.000 € no 2009.

Na reunión mantida cos orientadores que prestan servizo no territorio do Pacto póñense de manifesto as seguintes dificultades:


- Inestabilidade da rede de orientación laboral. En gran parte dos concellos os orientadores/as contrátanse en función da concesión das subvencións da Xunta o que fai que estes profesionais non estean contratados durante todo o ano.
- Temporalidade dos servizos de orientación. (Inadecuación da duración do IPI coa duración do contrato de traballo do orientador.) A breve duración dos contratos das persoas que atenden estes servizos impiden que poidan atender

a mais persoas e ademais supón que moitos IPIS se paren na metade da súa realización, ocasionando un cambio de profesional despois dun certo tempo ou simplemente que ninguén continúe con ese proceso. Por este motivo algunhas persoas non queren facer IPIS se non se lles asegura contar co mesmo profesional ata finalizalo.

- Lentitude no proceso de posta en marcha do servizo. En moitos casos, desde que o orientador/a é contratado/a ata que se lle carga a axenda transcorre unha media de 3 meses. Isto unido á tardanza na súa concesión e á brevidade dos contratos, orixina que algúns profesionais case non teñan tempo a realizar mais que 2-4 semanas de entrevistas.
- Perda de funcións dos servizos de orientación. Nos últimos anos os servizos de orientación deixaron de poder dar de alta e/ou actualizar o currículo dos demandantes de emprego e xestionar ofertas de emprego, función que asumiron exclusivamente as oficinas de emprego.
- Falta de coordinación entre as entidades colaboradoras do SPEG e as oficinas de emprego. Os IPI's comezados polos orientadores dos centros colaboradores soen verse interrompidos cando estes finalizan o contrato e as oficinas de emprego non lles dan continuidade.
- Falta de busca activa de emprego por parte dos colectivos en situación de desemprego. As persoas que desenvolven os servizos de orientación laboral constatan que , moitas veces, as persoas desempregadas non realizan unha busca de traballo real, se non que se amosan pasivas ou esperan que os distintos profesionais deste sector lles presenten as ofertas.
- Falta de compromiso por parte dos usuarios dos IPI's. Maior interese pola axuda económica que realmente pola formación para o emprego.
- Certo desinterese pola formación se non é a cambio dunha remuneración económica. Este desinterese dáse sobre todo canto menor é a cualificación profesional.


ENTREVISTAS DE ORIENTACIÓN

(*Nota: non dispoñemos de datos correspondentes a outros períodos de tempo)



Fonte: Consellería de Traballo e Benestar - Elaboración propia

Entre o ano 2000 e o 2007 no territorio do Pacto realizáronse un total de 10419 entrevistas de orientación laboral. Segundo idades, o persoal atendido sitúase maioritariamente na franxa de 25-44 anos (o 52,26%) dos que o 69,61% foron mulleres. En tódalas franxas de idade se observa unha porcentaxe de mulleres superior ao 45%.



Fonte: Consellería de Traballo e Benestar - Elaboración propia

Os IPI's realizados no territorio do Pacto para o ano 2007 foron de 29. Segundo a distribución por idades, o 68,97% dos IPI's situáronse entre os 25-44 anos, o 17,24% menores de 24 anos, e só o 13,79% foron maiores de 45 anos.

Segundo sexos, o 96,55% foron mulleres, principalmente entre os 25-44 anos.

RECOMENDACIONES

- As especialidades formativas seleccionadas para a súa impartición, tanto en programas mixtos de formación e emprego coma en formación para persoas desempregados, deben ter en conta a realidade do mercado de traballo, enfocándoas aos novos viveiros de emprego, e formando a especialistas nos traballos máis demandados, facilitando así a inserción laboral dos participantes nestes programas.
- Crear un centro de formación comarcal co fin de diversificar a formación e facilitar o acceso á mesma da poboación do Pacto.
- Promover a creación dun sistema de información que permita que tanto os técnicos como a poboación interesada poidan consultar todas as actividades vinculadas ao emprego dentro do territorio do Pacto.
- Fomentar a cultura empresarial entre os/as participantes dos programas mixtos de formación e emprego para a creación do seu propio posto de traballo e poñer en valor este tipo de programas para que tanto os participantes como a poboación en xeral os perciba como unha oportunidade de cualificación profesional para a inserción laboral.
- Establecer liñas de colaboración coas empresas co fin de facer posible a inserción dos participantes nos programas mixtos de formación e emprego e na formación para desempregados.
- Impulsar a creación dunha rede de empresas que colaboren coas entidades na inserción dos alumnos/as que participan nos distintos programas de formación facendo visible a súa implicación co desenvolvemento da Costa da Morte.
- Facer un seguimento dos participantes unha vez finalizados os programas, para comprobar o cumprimento dos obxectivos e aplicar as posibles medidas correctoras.
- Poñer en marcha proxectos de emprego de carácter supramunicipal ou comarcal para maximizar os recursos existentes.
- Ter en conta nos programas de cooperación aquelas actividades con maiores posibilidades de inserción, e non so as máis relacionadas coas necesidades das propias entidades, co fin de mellorar a empregabilidade dos traballadores e as traballadoras á finalización dos seus contratos
- Potenciar os servizos de orientación e fomentar a súa estabilidade co fin de prestar un mellor servizo aos usuarios e poder levar a cabo un maior número de IPI's, así como, a súa realización completa.

**ANEXO:
DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR
CONCELLOS (2008 – 2009)**

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO 2008							
CONCELLOS	COOPERACIÓN	AEDL	ORIENTACIÓN LAB.	O.E. / E.O.	AFD	PEE	TOTAL
CARNOTA	158.156,58 €	23.454,00	10.687,96 €	0,00 €	0,00 €	0	192.298,54
MUROS	142.313,57 €	23.454,00	10.687,96 €				176.455,53
MUROS	300.470,15 €	46.908,00 €	21.375,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	368.754,07
CAMARIÑAS	234.630,99 €	23.454,00	13.359,95 €		67.632,98		339.077,92
VIMIANZO	321.689,67 €	22.105,25	10.687,96 €			32.685,71	387.168,59
ZAS	138.968,90 €	23.384,66		915.721,20 €			1.078.074,76
SONEIRA	695.289,56 €	68.943,91 €	24.047,91 €	915.721,20 €	67.632,98 €	32.685,71 €	1.804.321,27
MAZARICOS	57.459,96 €	23.454,00					80.913,96
SANTA COMBA	225.745,85 €	23.454,00	9.690,42 €		221.120,46		480.010,73
XALLAS	283.205,81 €	46.908,00 €	9.690,42 €	0,00 €	221.120,46 €	0,00 €	560.924,69
CABANA	92.569,20 €	23.454,00	10.687,96 €				126.711,16
CARBALLO	218.414,94 €	23.454,00	34.735,88 €	1.201.548,22	349.984,97		1.828.138,01
CORISTANCO	81.593,64 €	23.454,00					105.047,64
LARACHA, A	94.334,67 €	23.454,00					117.788,67
LAXE	210.693,71 €	FUNCIONARIO	18.703,93 €				229.397,64
MALPICA	141.075,40 €	23.454,00		920.473,20 €			1.085.002,60
PONTECESO	106.681,92 €	23.454,00					130.135,92
BERGANTIÑOS	945.363,48 €	140.724,00 €	64.127,77 €	2.122.021,42 €	349.984,97 €	0,00 €	3.622.221,64
CEE	248.770,43 €	FUNCIONARIO	13.359,95 €		10.254,81		272.385,19
CORCUBION	161.112,03 €	23.454,00	9.690,42 €				194.256,45
DUMBRIA	238.661,40 €	23.454,00		1.017.468,00 €			1.279.583,40
FISTERRA	136.066,92 €	23.430,43		613.648,80 €			773.146,15
MUXIA	267.044,80 €	NON POSÚE		920.447,29 €		16.342,86	1.203.834,95
FISTERRA	1.051.655,58 €	70.338,43 €	23.050,37 €	2.551.564,09 €	10.254,81 €	16.342,86 €	3.723.206,14
PACTO	3.275.984,58 €	373.822,34 €	142.292,39 €	5.589.306,71 €	648.993,22 €	49.028,57 €	10.079.427,81
GALICIA	54.017.406,00 €	5.909.710,33 €	6.988.505,00 €	20.698.494,74 €	*	2.000.000,00 €	*

2008	PPR Dec. 08	RATIOS (€/desempregados)						TOTAL
		Cooperación (€/desempr.)	AEDL	Orientación laboral	E.O. /O.E.	AFD	PEE	
CARNOTA	321	492,70	73,07	33,30	0,00	0,00	0,00	599,06
MUROS	721	197,38	32,53	14,82	0,00	0,00	0,00	244,74
MUROS	1.042	288,36	45,02	20,51	0,00	0,00	0,00	353,89
CAMARIÑAS	561	418,24	41,81	23,81	0,00	120,56	0,00	604,42
VIMIANZO	588	547,09	37,59	18,18	0,00	0,00	55,59	658,45
ZAS	335	414,83	69,80	0,00	2.733,50	0,00	0,00	3.218,13
SONEIRA	1.484	468,52	46,46	16,20	617,06	45,57	22,03	1.215,85
MAZARICOS	274	209,71	85,60	0,00	0,00	0,00	0,00	295,31
SANTA COMBA	874	258,29	26,84	11,09	0,00	253,00	0,00	549,21
XALLAS	1.148	246,69	40,86	8,44	0,00	192,61	0,00	488,61
CABANA	342	270,67	68,58	31,25	0,00	0,00	0,00	370,50
CARBALLO	2.886	75,68	8,13	12,04	416,34	121,27	0,00	633,45
CORISTANCO	616	132,46	38,07	0,00	0,00	0,00	0,00	170,53
LARACHA, A	794	118,81	29,54	0,00	0,00	0,00	0,00	148,35
LAXE	308	684,07	0,00	60,73	0,00	0,00	0,00	744,80
MALPICA	409	344,93	57,34	0,00	2.250,55	0,00	0,00	2.652,82
PONTECESO	395	270,08	59,38	0,00	0,00	0,00	0,00	329,46
BERGANTIÑOS	5.750	164,41	24,47	11,15	369,05	60,87	0,00	629,95
CEE	661	376,35	0,00	20,21	0,00	15,51	0,00	412,08
CORCUBION	133	1.211,37	176,35	72,86	0,00	0,00	0,00	1.460,57
DUMBRIA	248	962,34	94,57	0,00	4.102,69	0,00	0,00	5.159,61
FISTERRA	373	364,79	62,82	0,00	1.645,17	0,00	0,00	2.072,78
MUXIA	441	605,54	0,00	0,00	2.087,18	0,00	37,06	2.729,78
FISTERRA	1.856	566,62	37,90	12,42	1.374,77	5,53	8,81	2.006,04
PACTO	11.280	290,42	33,14	12,61	495,51	57,53	4,35	893,57
GALICIA	189.903	284,45	31,12	36,80	109,00	*	10,53	471,89

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO 2009

CONCELLOS	COOPERACIÓN	AEDL	ORIENTACIÓN LAB.	O.E. / E.O.	AFD	PEE	BANCOS DE TEMPO		TOTAL
							Equipamento	Personal	
CARNOTA	360.324,08	26.900	8.256,47	721.058,40	27.009,45		1.760	0	1.145.308,40
MUROS	216.668,70	FUNCIONARIO	8.395,36	699.850,80			1.449,92		926.364,78
MUROS	576.992,78	26.900	16.651,83	1.420.909,20	27.009,45		3.209,92	0,00	2.071.673,18
CAMARIÑAS	102.054,35	26.900	24.494,20				1.352,89		154.801,44
VIMIANZO	189.685,82	22.600	8.256,47			24.514,29	1.725,00		246.781,58
ZAS	58.777,37	24.000	NON POSÚE				1.794,00		84.571,37
SONEIRA	350.517,54	73.500	32.750,67		0,00	24.514,29	4.871,89	0,00	486.154,39
MAZARICOS	80.828,16	26.900	NON POSÚE	530.190,00			6.150		644.068,16
SANTA COMBA	243.764,57	26.900	25.186,09		354.728,67		1.760	14.846,09	667.185,42
XALLAS	324.592,73	53.800	25.186,09	530.190,00	354.728,67		7.910,00	14.846,09	1.311.253,58
CABANA	325.845,05	24.700	8.395,36				1.760,00		360.700,41
CARBALLO	222.375,46	24.700	46.052,76		367.272,00			10.000,00	670.400,22
CORISTANCO	218.018,04	26.900	NON POSÚE						244.918,04
LARACHA, A	167.416,80	24.000	NON POSÚE						191.416,80
LAXE	101.686,66	FUNCIONARIO	24.769,41				1.755,60		128.211,67
MALPICA	78.092,70	26.900	8.395,36						113.388,06
PONTECESO	149.227,17	26.900	NON POSÚE						176.127,17
BERGANTIÑOS	1.262.661,88	154.100	87.612,89	0,00	367.272,00		3.515,60	10.000,00	1.885.162,37
CEE	217.853,59	FUNCIONARIO	13.760,79		34.681,32		1.840,00		268.135,70
CORCUBION	106.176,30	26.900	8.395,36						141.471,66
DUMBRIA	204.784,45	26.900	NON POSÚE						231.684,45
FISTERRA	287.804,88	23.800	NON POSÚE						311.604,88
MUXIA	113.765,64	NON POSÚE	NON POSÚE			12.257,14			126.022,78
FISTERRA	930.384,86	77.600	22.156,15	0,00	34.681,32	12.257,14	1.840,00	0,00	1.078.919,47
PACTO	3.445.149,79	385.900	184.357,63	1.951.099,20	783.691,44	36.771,43	21.347,41	24.846,09	6.833.162,99
GALICIA	34.895.505,00	6.347.169,71	3.075.000,00	20.698.494,74	*	2.100.000	87.442,41	382.187,30	67.585.799,16

2009	PPR Dec. 09	RATIOS (€/Desempleado)								TOTAL
		Cooperación	AEDL	Orientación Laboral	O.E./E.O.	AFD	PEE	Bancos de Tempo		
								Equipamento	Personoal	
CARNOTA	325	1.108,69	82,77	25,40	2.218,64	83,11	0,00	5,42	0,00	3.524,03
MUROS	784	276,36	0,00	10,71	892,67	0,00	0,00	1,85	0,00	1.181,59
MUROS	1.109	520,28	24,26	15,02	1.281,25	24,35	0,00	2,89	0,00	1.868,06
CAMARIÑAS	671	152,09	40,09	36,50	0,00	0,00	0,00	2,02	0,00	230,70
VIMIANZO	638	297,31	35,42	12,94	0,00	0,00	38,42	2,70	0,00	386,80
ZAS	404	145,49	59,41	0,00	0,00	0,00	0,00	4,44	0,00	209,34
SONEIRA	1.713	204,62	42,91	19,12	0,00	0,00	14,31	2,84	0,00	283,80
MAZARICOS	300	269,43	89,67	0,00	1.767,30	0,00	0,00	20,50	0,00	2.146,89
SANTA COMBA	871	279,87	30,88	28,92	0,00	407,27	0,00	2,02	17,04	766,00
XALLAS	1.171	277,19	45,94	21,51	452,77	302,93	0,00	6,75	12,68	1.119,77
CABANA	367	887,86	67,30	22,88	0,00	0,00	0,00	4,80	0,00	982,83
CARBALLO	3.510	63,35	7,04	13,12	0,00	104,64	0,00	0,00	2,85	191,00
CORISTANCO	739	295,02	36,40	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	331,42
LARACHA, A	997	167,92	24,07	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	191,99
LAXE	323	314,82	0,00	76,69	0,00	0,00	0,00	5,44	0,00	396,94
MALPICA	519	150,47	51,83	16,18	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	218,47
PONTECESO	439	339,93	61,28	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	401,20
BERGANTIÑOS	6.894	183,15	22,35	12,71	0,00	53,27	0,00	0,51	1,45	273,45
CEE	789	276,11	0,00	17,44	0,00	43,96	0,00	2,33	0,00	339,84
CORCUBION	129	823,07	208,53	65,08	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.096,68
DUMBRIA	319	641,96	84,33	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	726,28
FISTERRA	466	617,61	51,07	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	668,68
MUXIA	507	224,39	0,00	0,00	0,00	0,00	24,18	0,00	0,00	248,57
FISTERRA	2.210	420,99	35,11	10,03	0,00	15,69	5,55	0,83	0,00	488,20
PACTO	13.097	263,05	29,46	14,08	148,97	59,84	2,81	1,63	1,90	521,73
GALICIA	222.839	156,60	28,48	13,80	92,89	*	9,42	0,39	1,72	303,29